

Querido alumnado do Colexio MM. Mercedarias de O Ferrol:

Vaia por diante o darvos as gracias pola vosa solicitude, que indica o grao de consideración que me tedes, e o que a miña opinión pode significar para vós.

Quero felicitarvos e animarvos no voso labor encol do desenvolvemento do Proxecto Voz Natura no que estades implicados. Lembraide que a acción sobre o “medio” derívase dunha actitude de respecto e colaboración diante da vida, na que o voso entorno, tamén o humano, é fundamental.

Considero que o facerse preguntas en prol de acadar unha visión crítica sobre todo o que nos rodea debe formar parte da acción medioambiental, **que quero apoiar**, e na que “a visión debe ser global e a acción local”, e esta acción debe constituír un compromiso continuo e irrenunciabile.

Non quixera rematar sen facervos chegar algunha reflexión como a que podedes extraer da lectura da carta do xefe indio Seattle, dirixida ao “xefe branco de Washington” en 1.854, da que quero resaltar un parágrafo:

“ ¿Como se pode mercar ou vender o firmamento nin aínda o calor da terra?; esta idea é para nós descoñecida. Se non somos donos da frescura do aire nin do reflexo da auga, ¿cómo poden vostedes pretender mercalo?”

E xa, para despedirme, gustaríame compartir convosco unha bendición irlandesa: “que a terra se vaia facendo camiño diante dos teus pasos; que o vento sople ás túas costas e que o sol brile cálido sobre a túa faciana”

¡Ánimo no voso traballo!

Con agarimo,

María Castro